



RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE PARA A OCUPACIÓN DOS TERREOS RESTAURADOS AMBIENTALMENTE DAS ANTIGAS PARCELAS OCUPADAS POLA IMPRENTA PROVINCIAL E O PARQUE DA MAQUINARIA DA DEPUTACIÓN, NA XUNQUEIRA DE ALBA, NO TERMO MUNICIPAL DE PONTEVEDRA

N/Expte.: CONC-PO-2025/046C

S/Ref.: CNC02/22/36/0004

En relación coa solicitude de concesión administrativa de ocupación de 17.688 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) con destino á ocupación dos terreos restaurados ambientalmente das antigas parcelas ocupadas pola imprenta provincial e o parque da maquinaria da deputación, na Xunqueira de Alba, no termo municipal de Pontevedra, figuran no Servizo do Litoral de Pontevedra, dependente desta Dirección Territorial, os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. De conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, o 30.06.2025, recíbese da Demarcación de costas de Galicia, dependente do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, documentación relativa ao expediente do asunto, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución.

2. Datos do expediente

Obxecto do expte:	Ocupación dos terreos restaurados ambientalmente das antigas parcelas ocupadas pola imprenta provincial e o parque da maquinaria da deputación para a creación dun parque público.
Situación:	Xunqueira de Alba
Solicitante:	Concello de Pontevedra
Data da solicitude:	24.10.2022
Superficie ocupada*:	17.688 m ²

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





3. Antecedentes.

Previa á ocupación obxecto desta autorización consta, segundo sinala o informe do Servizo Provincial de Costas do Estado, os seguintes antecedentes:

a. AUT02/22/36/0004 de autorización para a execución de actuacións en Dominio Público Marítimo Terrestre para levar a cabo o "Proxecto básico e de execución de demolición da imprenta provincial na Xunqueira -Pontevedra" do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación da Deputación, D. Eugenio José Marcote Carballo.

No referente á ocupación da imprenta provincial, por resolución da Dirección General de la Costa y el Mar data 27 de xullo de 2022, en virtude do establecido nos artigos 147 e 148 do RD 876/2014, do 10 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, establecíase : "Que se proceda ao levantamento das instalacións e a súa retirada do dominio público marítimo-terrestre, pola Deputación Provincial de Pontevedra, ás súas expensas e de conformidade co establecido no "Proxecto básico e de execución de demolición de imprenta provincial na Xunqueira (Pontevedra)" extingúndose a concesión outorgada mediante Orde Ministerial do 17 de maio de 1988 a favor da Deputación Provincial de Pontevedra para ocupar 3.015 m² de terreos de dominio público marítimo-terrestre para a realización do "Proxecto de Imprenta Provincial na Junquera do Bao", termo municipal de Pontevedra (Pontevedra)."

b. AUT02/22/36/0005 de autorización para a execución de actuacións en Dominio Público Marítimo Terrestre para a execución do "Proxecto de extinción de concesión: demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela, T.M. de Pontevedra (Pontevedra)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Hugo García Carro en outubro de 2021.

No referente á ocupación de terreos de DPMT polo parque de maquinaria, por resolución da Dirección General de la Costa y el Mar de data 27 de xullo de 2022, en virtude do establecido no artigo 72 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas e nos artigos 147, 149 e 170 do Regulamento Xeral de Costas, establecíase : "Que se proceda ao levantamento das instalacións e a súa retirada do dominio público marítimo terrestre, pola Deputación Provincial de Pontevedra e de conformidade co disposto no "Proxecto de extinción de concesión: demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela, termo municipal de Pontevedra", extingúndose a concesión outorgada por Orde Ministerial do 23 de abril de 1965, a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, con destino a desecación e saneamento de terreos de

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





dominio público marítimo-terrestre da ría de Pontevedra, na marisma de Gándara, termo municipal de Pontevedra (Pontevedra)."

Polo tanto as ditas concesións están actualmente extintas e os terreos que ocupaban reverteron ao demanio público, levantándose acta de reversión con datas do 3 de xullo de 2008 (C-1678-Pont-imprenta provincial) e do 30 de agosto de 2022 (C-715-Pont-parque de maquinaria).

Esta solicitude de concesión tramítase conforme ao especificado na resolución dos devanditos expedientes AUT02/22/36/0004 e AUT02/22/36/0005, e conforme ás reunións mantidas no Servizo Provincial de Costas con representantes da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Pontevedra, quedando reflectido que por parte do Concello de Pontevedra deberíase de solicitar a correspondente concesión de ocupación de DPMT para asumir o mantemento futuro das parcelas ocupadas tanto polo Parque de Maquinaria (superficie catastral de 14.673 m²), como pola Imprenta Provincial (3.015 m²).

4. Descrición da actuación obxecto de ocupación.

A solicitude obxecto do título concesional para a ocupación do DPMT ten como finalidade a ocupación dunha extensión de 17.688 m² de DPMT, fóra da ribeira do mar, correspondente a dúas parcelas que foron obxecto de restauración ambiental por parte da Deputación de Pontevedra (antigo concesionario dos terreos de DPMT ocupados pola imprenta C-1678-Pont e polo parque de maquinaria C-715-Pont). As ditas concesións están actualmente extintas e os terreos que ocupaban reverteron ao demanio público.

En canto ás actuacións sobre os terreos restaurados ambientalmente, obxecto de concesión, finalizada a fase de demolición das instalacións do parque de maquinaria, as actuacións amparadas polo expediente AUT02/22/36/0005 foron:

- Acondicionamento do terreo e recuperación da cobertura vexetal da parcela mediante a extensión de substrato e plantación de sementes de diversas plantas herbáceas.
- Creación de senda de conexión e acceso ao novo bosque mixto, mediante execución dunha senda de ARIPAQ de 9 cm de espesor e 4 m de ancho, sobre unha base de 15 cm de zorra compactada e con bordos de granito gris. Dita senda presenta trazado perpendicular ao río, e comunica a rúa Martín Códax co carreiro fluvial existente, para facilitar o acceso ao novo espazo recuperado.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





- Instalacións de iluminación pública e mobiliario urbano.
- Plantación de especies vexetais para formación de bosque mixto de transición entre o bosque de ribeira actual e a zona verde anexa á rúa Martín Códax.

En canto ás actuacións sobre os terreos da antiga imprenta provincial, unha vez finalizada a fase de demolición, as actuacións amparadas polo expediente AUT02/22/36/0004 foron:

- Movemento de terras.
- Retirada/reposición de redes de servizos.
- Xestión de residuos.
- Reordenación dos espazos e posta en valor do contorno natural mediante: creación de senda de ARIPAQ de 8 cm de espesor sobre zahorra artificial, con bordo de granito; instalacións de iluminación pública e mobiliario urbano; plantación de especies vexetais herbáceas para formación de pradería e subministración e plantación de distintas especies arbóreas.

Actualmente as obras de restauración xa finalizaron (comunicación de fin de obras realizada pola Deputación con data de 12 de marzo de 2024), e como resultado das devanditas obras de restauración ambiental quedou configurado un novo parque público na contorna do río da Gándara na cidade de Pontevedra.



DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal







Imaxe 1: Ámbito actuación demolición imprenta provincial



Imaxe 2: Ámbito restauración proxecto



Imaxe 3: Ámbito actuación demolición parque de maquinaria



Imaxe 4: Ámbito actuación restauración proxecto

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





Imaxe 5: Estado final das 2 parcelas tralas obras de demolición e restauración

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

1. Con data do 24.10.2022 se recibe no Servizo Provincial de Costas a solicitude de concesión para ocupación do DPMT, por parte do Concello de Pontevedra, para a creación dun parque público, sen máis obras que as outorgadas nas autorizacións arriba sinaladas: AUT02-22-36-0004 e AUT02-22-36-0005.

2. Aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 152.4 do RXC, non se atopa dentro do expediente achegado polo Servizo Provincial de Costas o plano de confrontación da ocupación prevista, polo que se realiza unha visita de comprobación con data do 24.02.2026, realizándose o devandito plano de confrontación polos axentes ambientais do Servizo do Litoral, con data do 25.02.2026.

3. Non consta dentro da documentación remitida polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra as datas do inicio dos trámites de información pública e petición de informes, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento Xeral de Costas do Estado, se ben, consta a seguinte documentación:

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





4.1. Trámite de información pública. Publícase o anuncio da información pública no Boletín Oficial do Estado núm. 92, do 15.04.2024, por un prazo de 20 días, ao abeiro do artigo 152.8 do RXC.

Dentro do prazo regulamentario outorgado non se recibe ningunha alegación, segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 16.06.2024, asinado polo Xefe do Servizo Miguel García García.

4.2 Informe da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda - Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 10.04.2024.

Achégase o dito informe con data do 25.04.2024 emitido en sentido favorable.

4.3. Informe da Subdirección Xeral do Patrimonio do Ministerio de Defensa.

Solicitouse informe ao abeiro do artigo 152.6 do RXC mediante oficio do 10.04.2024

Achégase o dito informe con data do 11.04.2024 emitido en sentido favorable.

5. Con data do 12.06.2024 emítase informe do Servizo Provincial de Costas do Estado sobre a solicitude de concesión obxecto deste expediente ao abeiro do artigo 152.10 do RXC.

6. Con data do 03.07.2024 o Servizo Provincial de Costas do Estado da traslado ao Concello de Pontevedra da oferta de Condicións e Prescricións polas que podería outorgarse a Concesión de ocupación do DPMT, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC.

7. Con data do 27.10.2025 o Servizo do Litoral dependente da Dirección Territorial de Pontevedra da un novo traslado ao Concello de Pontevedra da oferta de Condicións e Prescricións polas que podería outorgarse a Concesión de ocupación do DPMT, ao abeiro do artigo 152.11 do RXC, toda vez que co traspaso de competencias non constaba resposta ningunha ata a data.

8. Achégase con data do 07.11.2025, por parte do Concello de Pontevedra, unha certificación de acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06.11.2025, na que se adoptou o seguinte acordo:

“Aceptar expresamente o condicionado da Resolución de data 03.07.2024, emitida pola Directora General de la Costa y el Mar do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, otorgou ao Concello de Pontevedra a concesión para a ocupación de

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





17.688 m2 de dominio público marítimo-terrestre, fora da ribeira do mar, e antigamente ocupados pola imprenta e parque de maquinaria da Deputación Provincial:

- Prego de condicións xerais para concesións demaniais nas praias, zona marítimo-terrestre e mar territorial aprobado por Orde Ministerial do 8 de novembro de 1985, publicado no BOE do 19 de novembro de 1985, coas modificacións necesarias para a súa adaptación á Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, informado favorablemente polo Servizo Xurídico con data 2 de xuño de 1989.
- Prego de Condicións Particulares e Prescricións (PCPP)."

9. Con data do 03.03.2026 notificouse ao Concello de Pontevedra a proposta de resolución do Servizo do Litoral pola que se lle deu traslado das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión solicitada.

10. O Concello de Pontevedra mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 18.03.2026 aceptou as condicións e prescricións que integran o título concesional.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. O ámbito da devandita solicitude de concesión referenciada no Asunto emprázase sobre terreos coa consideración de DPMT, conforme ao expediente de deslinde DL-127-PO, aprobado por Ou.M. do 20 de agosto de 1996.

En canto á compatibilidade da actuación pretendida, coa Lei 22/1988 do 28 de xullo de Costas e o seu Regulamento de desenvolvemento, cabe citar que, a dita actuación pretendida para a cal se solicita concesión de ocupación do DPMT, se ampara no artigo 61.2.b do RD 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas.

2. Danos posibles ao DPMT.

Segundo se indica na documentación achegada, en canto ao proxecto de demolición do parque de maquinaria, no Anexo nº 5 incidencia ambiental, detállanse as medidas preventivas, correctoras ou de compensación debido aos posibles impactos acaecidos durante a fase de execución do proxecto. Tamén se inclúe un plan de seguimento ambiental.

En canto ao proxecto da demolición da imprenta, na documentación achegada (contestación requirimento corrección proxecto da imprenta), indícase que: "a demolición da Imprenta Provincial na Xunqueira, é unha actuación que mellorará o

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxecc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





Espazo natural, ao eliminar as construcións e pavimentos “duros”, para dar paso a unha segunda fase de restauración natural da parcela.”

O ámbito da solicitude de concesión afecta ao ENIL Xunqueira de Alba, (declarado de forma definitiva por Orde do 27 de agosto de 2012 da Consellería competente en materia de conservación da natureza da Xunta de Galicia). Conforme o estipulado no artigo 17.2 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, pola que se recoñecen os espazos naturais de interese local, a responsabilidade e competencia para a xestión do ENIL é municipal, sendo a propia entidade municipal o peticionario da concesión.

O instrumento que establece o réxime de usos e actividades permitidos, así como as limitacións necesarias para a conservación deste espazo, están reguladas polo Decreto 190/2012, do 13 de setembro, polo que se aproba o Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local Xunqueira de Alba (DOG nº 182, do 24 de setembro de 2012).

Cabe mencionar que na fase da tramitación das devanditas solicitudes de autorización, en canto ás actuacións de demolición da imprenta, esta solicitude foi informada polo Concello de Pontevedra. Segundo o informe da Técnico de Medio Ambiente Natural do devandito Concello de data 04/04/2022, esta “non atopa inconveniente á execución da obra”. A dita actuación tamén foi informada favorablemente polo Servizo de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia.

En canto á solicitude das actuacións de demolición do parque de maquinaria, esta foi informada polo Concello de Pontevedra, conforme ao informe da Técnico de Medio Ambiente Natural do devandito Concello de data 04/04/2022, no que se indicaba que: “non se atopa inconveniente á execución da obra”.

En canto á posible afección a espazos Rede Natura 2000, cabe mencionar que non existen zonas baixo dita figura de protección ambiental na contorna do ámbito da solicitude de concesión. Non obstante o devandito ámbito atópase a un 2,5 km do LIC río Lérez.

Cabe mencionar que o ámbito da devandita solicitude de concesión non supón a execución de actuación algunha adicional sobre as actuacións xa autorizadas previamente conforme as resolucións de autorización deste Servizo (expedientes AUT02/22/36/0005 e AUT02/22/36/0004) e amparadas polas resolucións desa





Dirección Xeral de data 27 de xullo de 2022 (pronunciamiento sobre a continuidade ou retirada do demanio público das instalacións das primitivas concesións).

Polo tanto, conforme ao anteriormente mencionado, e conforme o informado polo Concello de Pontevedra (como órgano xestor do ENIL) durante a fase de tramitación das solicitudes de autorización para a demolición e restauración dos terreos, ditas actuacións, xa executadas, obxecto de solicitude de concesión, non ocasionarían danos ao DPMT.

3. Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

O artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño establece que: "A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente".

Por tanto, a actuación informada non está suxeita á emisión de informe de compatibilidade.

4. Cumprimento dos requisitos esixidos aos proxectos

O proxecto relativo á demolición do parque de maquinaria (AUT02/22/36/0005) fai mención expresa ao cumprimento da Lei de Costas e o seu Regulamento na páxina 38 (apartado 19 da memoria), así mesmo no devandito apartado realízanse consideracións respecto diso do indicado no artigo 92 do RGC, en canto aos escenarios de previsión de elevación do nivel do mar, debidos ao cambio climático, na contorna da actuación. O proxecto relativo á demolición da imprenta provincial, inclúe na páxina nº 3 do documento "Contestación ao requirimento do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de 27.01.2022" a mencionada declaración expresa referenciada no artigo 97 do RGC.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO DA CONCESIÓN E DO CANON

1. Proponse para esta ocupación un prazo concesional de trinta (30) anos, se persisten as causas de utilidade pública que motivan o outorgamento da concesión, de acordo ao contido no artigo 135.4.c) do RXC.





2. De acordo ao sinalado no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado, e dada a natureza do solicitante (Concello de Pontevedra) e a finalidade das obras solicitadas, propónse que a concesión quede exenta do abono do canon.

V. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polo artigo 61 do RXC permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra ubicación.

2. O artigo 64 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do Regulamento Xeral de Costas (Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro) suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables.

3. A ocupación solicitada resulta, pois, compatible con réxime de utilización do DPMT contido no precepto citado, dado que se trata da creación dun espazo público, peonil, no que non existen instalacións de carácter non desmontable, toda vez que se trata dunha concesión de ocupación para un parque público e as obras autorizadas en expedientes anteriores e agora recollidas na dita concesión limítanse á apertura de sendas, revexetación dos espazos públicos e instalacións de mobiliario urbano de carácter facilmente desmontables.

4. En atención ao sinalado no artigo 36 da Lei de Costas, nas consideracións que se achegan no corpo desta proposta/resolución, se inclúen todas aquelas medidas correctoras en aras a minimizar os posibles danos e perxuízos sobre o DPMT.

5. De acordo ao artigo 42 da Lei de Costas 22/1988, para resolver sobre a ocupación do DPMT achegárase o proxecto básico onde se fixarán as condicións e características das instalación e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar. A este respecto o Concello de Pontevedra achega o "Proyecto de extinción de concesión: demolición del parque de maquinaria y recuperación ambiental de la parcela, T.M. de Pontevedra (Pontevedra)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Hugo García Carro en outubro de 2021 para a superficie de 14.673 m² e "Proyecto básico y de ejecución de demolición de la imprenta provincial en la Junquera-Pontevedra" do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación da Deputación, D. Eugenio José Marcote Carballo e a separata do mesmo autor "Contestación ao requirimento do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 27/01/2022" de febreiro de 2022 para a superficie de 3.015 m².

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





6. De acordo ao sinalado no artigo 70 da Lei de Costas 22/1988, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

7. Segundo o artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, toda ocupación ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan esixibles por aquela. Están obrigados ao pago do canon, na contía e condicións que se determinan nesa Lei, os titulares das concesións e autorizacións antes mencionadas.

Segundo se sinala no informe do Servizo Provincial de Costas do Estado de data 12.06.2024 propónse a exención do dito canon no proxecto obxecto deste expediente.

8. Conforme ao sinalado no artigo 135 do RXC o prazo de duración da concesión é de 30 anos, dado que se trata de usos que prestan un servizo público, e que pola súa configuración física non pode ubicarse noutros terreos estremeiros.

9. Conforme ao sinalado no artigo 152.4 realízase visita de comprobación por parte dos axentes do Servizo do Litoral con data do 24.02.2026 aos efectos de realizar o plano de confrontación correspondente, a fin de determinar a adecuación do proxecto ao terreo, así como a súa viabilidade, asinándose o mesmo con data do 25.02.2026.

10. En atención ao sinalado no artigo 152.6 do RXC procedeuse a solicitar os seguintes informes:

10.1. Concello de Pontevedra. Neste caso, e toda vez que o solicitante é propio Concello de Pontevedra, non resulta necesario requirirlle o dito informe.

10.2 Informes da Comunidade autónoma:

- Informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Xunta de Galicia. Achégase o dito informe con data do 25.04.2024 emitido en sentido favorable.

10.3 Informe do Ministerio de Defensa. Achégase o dito informe con data do 11.04.2025 emitido en sentido favorable.

11. Ao abeiro do artigo 152.8 do RXC procedeuse por parte do Servizo Provincial de Costas do Estado ao trámite de información pública por un prazo de 20 días mediante a publicación no BOE núm. 92, do 15.04.2024, sen que conste achegada ningunha alegación, todo elo segundo consta no Informe do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra asinado polo xefe do servizo Miguel García García do 12.06.2024.

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





12. Conforme ao artigo 152.11, con data do 03.07.2024 procedeuse á comunicación das condicións e prescricións precisas, por un prazo de 10 días, reiterándose a dita comunicación con data do 27.10.2025 dado que non constaba no expediente a resposta á mesma.

13. Achégase con data do 07.11.2025, por parte do Concello de Pontevedra, unha certificación de acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 06.11.2025, onde se acorda a aceptación expresa do condicionado.

14. No ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no DPMT; e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución (Disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e os servizos traspasados pola Administración xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral).

Á vista do exposto e da proposta emitida, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- OUTORGAR ao Concello de Pontevedra, a concesión para a ocupación de 17.688 m² de dominio público marítimo terrestre (DPMT) con destino ao establecemento dun parque público, de acordo coas seguintes condicións e prescricións incluídas ao final desta resolución, por un prazo de quince (15) anos prorrogable por prazos de igual ou inferior duración ata un prazo máximo de trinta (30) anos se persisten as causas de utilidade pública que motivan o outorgamento da concesión. As obras realizadas e amparadas por esta concesión se atopan nos seguintes proxectos: "Proyecto de extinción de concesión: demolición del parque de maquinaria y recuperación ambiental de la parcela, T.M. de Pontevedra (Pontevedra)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Julio Roberes de Cominges e polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Hugo García Carro en outubro de 2021 para a superficie de 14.673 m² e "Proyecto básico y de ejecución de demolición de la imprenta provincial en la Junquera-Pontevedra" do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación da Deputación, D. Eugenio José Marcote Carballo e a separata do mesmo autor "Contestación ao requirimento do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do 27/01/2022" de febreiro de 2022 para a superficie de 3.015 m². (Condición 3ª do PCG).

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





SEGUNDO.- As administracións públicas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, contados dende o día seguinte ao da recepción desta resolución sen prexuízo da formulación, se é o caso, do requirimento previo en igual prazo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

CONDICIÓN XERAIS DA CONCESIÓN

1. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, e o seu regulamento de desenvolvemento, deixando a salvo os dereitos particulares e ser prexuízo de terceiro.

2. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece no prego de condicións particulares e prescricións (en diante PCPP). O devandito prazo será improrrogable, a menos que no PCPP se admita explicitamente a posibilidade dunha prórroga. O seu cómputo iniciárase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario.

3. As obras realizaranse con arranxo ao proxecto subscrito por facultativo competente, segundo nome e data que se indica no apartado 2 e 3 de antecedentes desta resolución coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución, levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, que deberá designar como director das obras unha persoa facultativa competente.

4. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan preceptivos e, en particular, a de vertedura ao mar de augas residuais ou conexión, no seu caso, á rede de saneamento xeral.

6. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fose dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 658
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

